


Johann Bernoulli

(Basilea, Suíza, 1667-1748)



Matemático, médico e filólogo suízo.

En 1683 ingresa na Universidade de Basilea e obtén o título de médico.

Durante este tempo, xunto ao seu irmán Jacob, tamén se dedicou a aprender a linguaxe dos números. As novidades matemáticas de Leibniz sobre o Cálculo infinitesimal cautivaron a ambos os irmáns.

En 1691 viaxa a París para guiar os matemáticos franceses no uso do cálculo, entre eles o marqués de L'Hôpital.

En Francia converteuse en defensor de Leibniz na polémica que mantiña con Newton por quen fora o primeiro en descubrir o Cálculo infinitesimal.

En 1705, tras a morte do seu irmán, foi nomeado catedrático de Matemáticas na Universidade de Basilea, onde permaneceu 42 anos. Alí tivo como discípulos a J. S. König e L. Euler.

Centrouse no estudo do cálculo infinitesimal e resolveu a «ecuación diferencial de Bernoulli», proposta polo seu irmán.

Os seus fillos Nicolau, Daniel, Johann e a súa filla A. Catherine foron figuras destacadas das Matemáticas.